

REDE CULTURAL



Deputación
DA CORUÑA



Xornadas
técnicas para a
análise e
mellora
conxunta da
Rede Cultural
da Deputación

Roberto Pascual

A Rede Cultural da Deputación da Coruña

acolle e promove actividades artísticas en 91 concellos da provincia, mobiliza arredor de dous millóns e medio de euros e atende ao ámbito musical, escénico, audiovisual, familiar, afeccionado e tamén os departamentos municipais que se ocupan da planificación e dinamización da lingua galega.

No desenvolvemento desta actividade participan tres grandes grupos, moitas veces vistos con intereses distintos e de xeito homoxéneo entre eles, pero con características, necesidades e inquedanzas diversas que non sempre se atenden ou se teñen en consideración como se debe. Eses tres grandes grupos son:

1. O persoal técnico ou de mediación, programadores/as ou xestores/as culturais.
2. As compañías, grupos distribuidores ou artistas.
3. Os públicos, as asociacións, o conxunto da veciñanza e as persoas visitantes.

Estas xornadas estritamente pragmáticas, con carácter técnico e reflexivo, formativo e con espírito colaborativo, nacen para facilitar e mellorar a calidade do servizo que presta a Rede Cultural á cidadanía. A implicación dos tres grupos, polo tanto, é clave. Cada un ata onde queira, poida ou sexa capaz. E para iso están estes encontros, para aumentar as capacidades de crecemento e mellora dun servizo público, esencial para a cohesión social, entre todos os grupos implicados e coa perspectiva de accesibilidade e inclusión de xeito transversal en todas as xornadas.

Resulta sobradamente coñecido que unha rede destas características favorece o acceso a unha programación de espectáculos ou actividades máis ou menos variada, planificada con anterioridade, pensada para un contexto cunha identidade propia, para un calendario que poida interesar á maioría da sociedade e que lle poida resultar gratificante. Hai moitos exemplos de experiencias positivas dentro da Rede, prácticas eficaces que se merecen analizar e dinámicas que poden ser ampliadas ou postas a punto. Os retos e as esixencias, así como as novas ferramentas que nos ofrecen os nosos tempos non deben pasar desapercibidos para unha das redes culturais máis importantes de Galicia. O valor engadido dun espazo ou dun ámbito cultural, moitas veces non precisa de moitos máis recursos económicos ou de persoal, senón que ten que ver máis coa reasignación, coa capacidade de ir xerándoo progresivamente e coas habilidades para manter, soste, acompañar, coidar e relacionar máis o que xa funciona.

O mantemento, a hospitalidade e a expansión de espazos para a cultura son temas que tamén estarán moi presentes nestes encontros formativos. Ideas para humanizar os ámbitos culturais de maneira continuada.

Existen diferentes iniciativas de expansión da cultura en lugares insólitos, diferentes, curiosos ou novidosos. Iniciativas públicas, do tecido asociativo, mixtas, privadas. Algúns referentes destacables dentro do noso territorio e que poden resultar moi inspiradores, son: a Rúa dos Contos do FIOT de Carballo, o programa Escora Danza, o Festival Atlántica, o Asalto ao Castelo de Vimianzo, Contos do Mar, Música n'Aldea de Rois, Festival Abanea, o Espazo Activo da Ulla-Pasabodeghas en Vedra, etc.

Tamén se abren novos equipamentos e edificios culturais que requirirán recursos humanos e económicos para o seu mantemento, a súa humanización e para facer deles un lugar hospitalario, tanto para os profesionais da cultura que traballen alí como para as persoas usuarias.

Os tres obxectivos fundamentais destas xornadas, para cada un dos grupos que mencionamos, serían:

1. Os grupos e artistas. Que as condicións laborais ou de desenvolvemento artístico sexan o máis dignas e profesionais nun ambiente amable, receptivo e dinámico.
2. Xestores/as culturais, distribuidoras ou técnicos municipais. Que a súa actividade conte con todas as garantías de liberdade e flexibilidade adaptada ao servizo, recoñecemento social, colaboración e recursos.
3. O público. Que os seus dereitos de participación, acceso, experimentación e coñecemento diverso de estilos e xéneros, uso creativo, eficiente e beneficioso das instalacións, así como da información a través de canles adecuadas e fáciles se vexan garantidos.

#CompartirCoñecemento

#CrearComunidade

#AbrirOsEspazos

#MesturarÁmbitos

REDE CULTURAL



Deputación
DA CORUÑA



TRABALLO | 1º | FORO DE TR

Ferramentas para a comunicación transversal da cultura

Venres, 14 de novembro de 2025

9.30 h a 14.30 h

Auditorio Municipal,
Cedeira.

ALLO | 1º | FORO DE TRABAL

A comunicación ou a participación son accións clave para garantir os dereitos culturais da poboación. Ben sexa a través do traballo específico dunha empresa ou profesional especializados, ben sexa mediante dinámicas de co participación ou cooperación comunitaria, a comunicación é clave para que o encontro cultural suceda con máis atino e certezas. A ritualización de actos de relevancia local e/ou social, a visibilización da memoria, dos espazos “ocultos” da cultura ou a proxección en redes a través de vídeos curtos e material con detalles gráficos propios e de reforzo da identidade local, poden ser de moita utilidade para o salto cualitativo e a maior interpelación social das actividades organizadas polos departamentos de cultura. Tamén para saber enfocar mellor os grupos de interese.

En Cedeira atopamos un terreo de oportunidades para celebrarmos o 1º foro de traballo formativo da Rede Cultural da Deputación da Coruña. Un lugar de referencia na comarca do Ortegal, cunha serie de circunstancias e fortalezas que nos permitirán asumir en conxunto un variado número de estratexias e material de mellora e sofisticación da actividade global de comunicación dixital e creativa, a través de todos os axentes, embaixadores/as simbólicos do territorio (como pode ser neste caso o dramaturgo Carlos Labraña ou a cantante Guadi Galego), embaixadoras/es do ámbito afeccionado e da sociedade civil (como a A. C. Aturuxeiras ou A Casa Pepanova de Montoxo) e o impulso de maiores relacións entre sectores culturais e grupos sociais. A cercanía con concellos onde se acollen emblemas culturais, como Cariño, Valdoviño, Ortigueira, Neda ou Narón, tamén é un elemento de fortaleza á hora de propor ideas de traballo colaborativo ou en rede.

Comezamos estas Xornadas enfocando a comunicación tamén co obxectivo de dar a coñecer, potenciar o uso e optimizar os recursos que a Área de Cultura da Deputación da Coruña brinda aos concellos grazas á nova app vinculada á web *redecultural.gal* e que pode permitir unha maior interacción e cruzamento de axendas entre os programas Escena ao Vivo!, Visións, Alicerce e Lingua a Escena! A coordinación, a unificación comunicativa con etiquetas específicas e a amplificación da recepción, poden ser metas máis realistas e positivas grazas a esta situación e oportunidade de coñecemento e transformación.

PROGRAMA

9.00 h – 9.30 h

Recepción e acreditación de participantes.

9.30 h INICIO DA XORNADA

Intervención de autoridades: deputada de Cultura, alcalde de Cedeira e concelleira de Cultura.

9.45 h Presentación do coordinador,
Roberto Pascual.

10.00 h PRIMEIRA DINÁMICA

«Análise de contidos culturais dun concello dende a perspectiva dunha persoa usuaria nun novo destino de residencia».

Práctica grupal e debate.

11.30 h Pausa café //////////////////////////////////////

12.00 h Banco de ideas e prácticas inspiradoras

Conversas con Mariña Lestón, Quique Vázquez, Álvaro Pérez Becerra e David Miranda.

13.30 h SEGUNDA DINÁMICA

«Un selo propio. Identidade, comunicación e cooperación».

Práctica individual e debate.

14.15 h – 14.30 h Clausura e principais conclusións
a cargo do coordinador das Xornadas.

TARDE

Opcionalmente, poderase asistir ás representacións e actividades do Festival desde a Nada.

PRIMEIRA DINÁMICA

Análise da información

Formaremos grupos por concellos escollidos ó azar para analizarmos os contidos en webs ou redes sociais dos espazos adheridos á Rede Cultural.

Partimos dun suposto real: queremos asistir a actividades o que queda deste mes de outubro, novembro e o mes de decembro porque estamos residindo nese concello temporalmente.

- Canto tempo tardo en atopar a información cultural?
- Temos información detallada en día e horas?
- Cantas actividades propiamente culturais temos nese período no cal estaremos residindo no concello X? Hai oferta matutina? Colabora con outros concellos limítrofes ou cercanos?
- Hai información compartida entre o concello e a compañía? Entre o concello e o público? Entre este departamento do concello e outros como a OMIX ou a biblioteca, o CIM, as oficinas de turismo, escolas de música ou de teatro municipais, centros de ensino, etc.?
- Hai algunha persoa especialmente activa e implicada voluntariamente na difusión? (embaixador/a).
- A que tipo de público vai destinado cada espectáculo/actividade?
- A nivel de contido, temas ou sinopse, podería ampliarse con outras informacións/contidos/actividades?

Froito desta dinámica e co material de análise e debate, elaborárase un informe que será enviado ás persoas responsables de todos os concellos da Rede Cultural, co fin de que poidan considerar as ideas, emprender os cambios que consideren ou ampliaren as estratexias de comunicación. A toma de consciencia e a posta en común entre todos os axentes implicados, pode abrir novas posibilidades ou replicar algunhas que funcionan, como unha *News/letter* cultural, unha canle de Whatsapp coma a que posúe o Concello da Estrada, etc.

SEGUNDA DINÁMICA

Un selo propio. Identidade, comunicación e cooperación

Neste obradoiro realizaremos un cartel (para redes) utilizando o programa Canva ou un vídeo de TikTok. Tamén realizaremos unha simulación de publicación para redes sociais coa información dun dos espectáculos escollidos entre os seleccionados da Rede 2025.

Na presentación de resultados, veremos como reutilizar e aproveitar o material fornecido polas compañías, artistas, distribuidoras ou pola propia Deputación e a diversidade de contidos previos que podemos ter en conta para a promoción, fomento do interese, divulgación ou mediación de contidos da obra que se vai levar a cabo. Reflexionaremos sobre as diferenzas e as posibilidades da comunicación dixital e da comunicación analóxica ou presencial, barrio a barrio, parroquia a parroquia, fórmulas complementarias e en ningún caso incompatibles.

TERCEIRA DINÁMICA

Banco de ideas e prácticas inspiradoras

- **Presentación de Mariña Lestón.** “O faladoiro de escénicas” ou como incluír a divulgación das artes escénicas locais en iniciativas de longa traxectoria como a emisora municipal RadioNeira de Corcubión, fundada en 1990.
- **Presentación de Quique Vázquez,** director artístico do Auditorio Municipal de Cedeira. Exemplos de comunicación e oportunidades vinculadas ao nacemento de novas iniciativas como o Certame de Teatro Afeccionado Fusa Guillén, o CedeiraDanza ou o Festival Internacional “Dende a Nada”. Oportunidades para a elaboración dun *Newsletter* grazas aos datos recollidos no sistema de reserva anticipada.
- **Presentación de Álvaro Pérez Becerra,** expresidente da Academia Galega do Audiovisual e membro fundador de Ainé Producións e Undodez. Comunicación transmedia na cultura, dende o proxecto de Taboas.gal á comunicación interxeracional en proxectos destacados como Castelo Conta.
- **Presentación de David Miranda,** responsable de comunicación dos concellos de Arzúa e Muros. Comunicar transcendendo o local e as fronteiras entre áreas.